

## PEZA DO MES

xaneiro

2002

---



### ESTELA FUNERARIA MUIÑO DE SAN PEDRO

PEZA SINGULAR NA QUE UN MONUMENTO  
FUNERARIO DE ÉPOCA ROMANA PODERÍA REUTILIZAR  
OUTRA FORMA DE ÉPOCA ANTERIOR.





PARTE POSTERIOR DA ESTELA FUNERARIA.

## ESTELA FUNERARIA

A peza ingresou no Museo por compra a Adon Manuel Fernández García, logo da súa mostra na exposición Galicia no tempo en 1991, aínda que xa fora o seu achado referenciado con anterioridade por Manuel Taboada Cid nas páxinas do Boletín Avriense como ocorrido en 1985 nas proximidades do río Támega, mesmo na beira do camiño cara ó Muiño de San Pedro, como a cen metros deste, mesmo ó pé do Monte Ladairo, no termo municipal de Verín, próximo ós lindeiros con Oimbra.

Trátase dunha estela funeraria cuasi troncocónica, vagamente antropomorfa, carácter realzado pola acción decorativa, feita nunha pedra voluminosa, de 160 cm de alto, labrada en todo o seu perímetro, cunha

sección ovoide e contorno máis amplo na parte basal (164 cm), onde ten unha rotura que afecta a súa estabilidade, e máis reducido cara á súa parte superior (104 cm no pescozo e 91 na cabeza).

Na parte frontal, amais da inscrición funeraria disposta en catro liñas, ten na parte superior, marcado por un resalte e destacada do corpo, un rostro humano inciso, representación sinxela na que destacan os riscos das orellas.

A inscrición ofrece a seguinte lectura:

LATRON  
VS CELT  
IATI . F  
H. S: E

Lectura e interpretación son doadas: Latronus Celtiati F(ilius). H(ic) S(itus) E(st). Eiquí iaz Ladrón, fillo de Celtiato.

A lectura inclúe o L inicial da primeira liña, que se aprecia claramente coa luz, pero pola contra non temos tan claro como o seu editor o nexo NI do final do primeiro renglón, polo que preferimos non o considerar.

As letras presentan altura e conformación irregular, coa traza alterada o que reforza a imaxe de rusticidade que deriva da súa contemplación.

A cronoloxía atribuíble a esta peza sitúanos entre os mediados e os finais do século I d.C., valorando tanto a súa plasticidade expresiva como as fórmulas epigráficas de filiación e enterramento e a onomástica.

O nome do defunto, Latro, está ben documentado tanto en Galicia como no norte de Portugal, tanto na forma Latro coma na de Ladronus do mesmo que o do seu pai, e tanto un coma outro enlazan con outras tantas testemuñas innegables da presenza de grupos célticos no NW. Resulta curioso o emprego dun nome que parece




DEBUXO DA FIGURA PARTE DIANTEIRA.

traducir unha forma indíxena, aparentemente sen valorar a calificación infamante que o nome latino pode ter, pero que resulta moi suxerente en relación coas prácticas que os xeógrafos grecorromanos lles atribúen ás xentes do NW. penínsular, ou incluso ós lusitanos, e que poden encubrir elementos relacionados coa organización social interna das poboacións do territorio.

Dende o punto de vista plástico, a cabeza da figura ten unha importancia singular polo seu tratamento, co relevo que a rodea e que se prolonga sobre as costas, marcando un a xeito de longa trenza de cabelos, pero que paralelamente reforza o carácter fálico do conxunto. A representación dos trazos fisionómicos é sumaria, limitada a incisións marcando os ollos, o nariz, boca e orellas, en marcado contraste coa forza masiva das restantes formas.

Pero se ata agora valoramos a peza como monumento funerario romano que é, cómpre non deixar de sinalar os ecos dunha tradición local ben asentada que a



DEBUXO DA FIGURA PARTE POSTERIOR.

relaciona coas chamadas estelas-menhir como a de Faioes (dada a coñecer por V.O.Jorge e C.A. Ferreira de Almeida), Chaves e Vilar de Santos. De feito, de non teren a inscrición, sen dúbida sería relacionada directamente con elas, pola forma coma por certos elementos como son o seu innegable carácter fálico, os resaltes angulares das ombreiras e os debuxos incisos da parte baixa do corpo, a xeito de machado plano. Pero, fóra deses elementos carecemos doutras indicacións que permitan unha identificación precisa como tal estela-menhir. De aí que sen negar esa posible orixe, que consideramos moi probable, teñamos que considerar a peza coma propiamente enraigada no mundo galaicorromano, con definidos elementos comparativos en pezas que contan tamén con inscrición e verbo das que se prantexan similares dúbidas sobre o seu reaproveitamento.



## HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

## O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

## HORARIO DO MUSEO

Aberto de martes a domingo de 9:30h a 14:30h e 16:00h a 21:30h.  
Os domingos só de 9:30 h. a 14:30 h.

### PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Francisco Fariña Busto. FOTOGRAFIA: Fernando del Río.  
MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L. DEPÓSITO LEGAL: VG-1273-2001



CONSELLERÍA DE CULTURA,  
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99  
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

